



PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)

CURSO 2022-2023

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR
Rúa Illas Cíes, nº 2
15570 Narón- A Coruña
Tfno: 881 93 03 83
ceip.virxedomar@edu.xunta.es

Contido

1.-	INTRODUCCIÓN	2
2.-	OBXECTIVOS.....	2
3.-	ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	3
4.-	LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO	3
4.1.-	En relación á organización e xestión.....	3
4.2.-	En relación coa dinamización da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado. 4	4
5.-	FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN	4
5.1.-	Actividades de familiarización e presentación do espazo e fondo documental.....	5
5.2.-	Actividades cara a unha Biblioteca Inclusiva	5
5.3.-	Actividades TIC e Radio Escolar	5
6.-	EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.	6
7.-	OUTRAS ACTUACIÓNS.....	6
8.-	ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS	6
9.-	LER EN FAMILIA. ACTIVIDADE PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS	7
10.-	CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN A UTILIZAR.	7
11.-	PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.	8

1.- INTRODUCCIÓN

Durante este curso intentaremos mellorar e modificar actuacións e actividades que non funcionaron no curso pasado e adecúalas á realidade escolar actual.

Neste novo curso 2022/2023 continuamos no PLAMBE que nos facilita recursos para a biblioteca e así facer dela, un recurso educativo imprescindible e unha garantía para unha educación de calidade, compensadora de desigualdades sociais.

Procuraremos que a biblioteca estea integrada na vida escolar ao servizo do currículo nas actividades académicas, nas interdisciplinarias (efemérides, educación en valores... e en todo tipo de actividades culturais) a través de actuacións que afiancen a competencia lectora e realizando actividades de dinamización para o fomento da lectura; programaremos, tamén, a adquisición de habilidades no uso da información (traballo documental).

As liñas de actuación que traballaremos no curso 2022/2023 serán as seguintes:

2.- OBXECTIVOS

Como desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro elabórase este Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que o equipo de biblioteca pretende realizar ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto.

Os obxectivos son os seguintes:

- Fomentar no alumnado o hábito lector como elemento de aprendizaxe e goce.
- Unificar criterios e pautas de actuación para a aprendizaxe da lecto-escritura dende Educación Infantil ata Educación Primaria.
- Concienciar aos alumnos/as da importancia da comprensión lectora e o significado dos textos para a súa aplicación na vida cotiá e como base de futuras aprendizaxes.
- Afianzar e avaliar a través de distintos instrumentos cada un dos elementos que interveñen no proceso lector: Automatización, velocidade lectora e comprensión lectora.
- Implicar ás familias no desenvolvemento do interese pola lectura
- Levar a cabo programacións de todas as Áreas para traballar a comprensión lectora e a animación á lectura que inclúan: OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA, AVALIACIÓN.
- Seleccionar e secuenciar por cursos distintos tipos de textos para traballar en todas as áreas: enumerativos, informativos, narrativos, poéticos, científicos, descritivos, etc.

3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A "Hora de Ler" en Educación Infantil e Educación Primaria serán sesións de 20 minutos todos os días de 12:00 a 12: 20.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

4.1.- En relación á organización e xestión

Na organización e xestión da nosa biblioteca continuaremos insistindo en considerar a Biblioteca Escolar como centro de recursos e punto de referencia para toda a Comunidade Escolar procurando que aporte todos aqueles materiais que necesita o centro para a súa labor docente.

- Formación dun equipo de biblioteca con profesorado pertencente aos distintos ciclos que se encargará da atención á biblioteca, dos labores de catalogación, do mantemento dos fondos, da organización...; realizaranse xuntanzas periódicas para a coordinación das actuacións e deseño e programación das actividades
- Establecemento de horarios e gardas.
- Revisar as normas de funcionamento.
- Realización dun circuío de circulación pola biblioteca e explicación dos mesmos a todo o alumnado.
- Atender á biblioteca nas labores de catalogación, mantemento de fondos, organización de actividades.... por parte de todos os membros do equipo de biblioteca.
- Explicar o uso da biblioteca e realizar un circuío explicativo da mesma a todo o alumnado.
- Formación de usuarios co programa informático MEIGA para o profesorado novo.
- Dar mais difusión as actividades realizadas dende a biblioteca, potenciando mais o blogue.
- Abrir a biblioteca a toda a comunidade educativa, facendo partícipes ás familias das actividades propostas, ou que sexan as familias as que propoñan a realización de actividades dentro da biblioteca (lectura de contos, talleres...)

4.2.- En relación coa dinamización da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

A biblioteca estará relacionada co desenvolvemento do currículo en todas as áreas e en todos os niveis, aportando os recursos de información, de lectura e de aprendizaxe e, integrando as fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares, potenciando a adquisición das competencias básicas, da educación permanente, da autonomía, do pracer pola lectura...

Procuraremos o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura que potencien a formación de lectores e lectoras competentes e a consolidación do hábito lector.

- Colaborar cos outros equipos do centro, con especial atención co ENDL para a realización de actividades nas conmemoracións a celebrar.
- Contacto continuo coas editoriais que oferten actividades de animación lectora, encontros con autores....
- Crear novos recunchos dentro da biblioteca (robótica...)
- Fomentar as exposicións mensuais de diferentes temáticas para poder traballar todas as áreas e empregar como un recurso máis dentro da aula.
- Levar a cabo actividades dentro da biblioteca onde se fomente a exposición oral (teatro, kamishibais, lecturas de poemas, contos...)
- Elaborar e dar promoción a través das diferentes canles a nosa disposición de todos os documentos informativos, así como a creación de novos (críticas de libros, novidades...) por parte de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
- Promover dende a biblioteca, diversas actividades que implique diferentes aspectos do currículo.

5.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN

O obxectivo principal da formación de usuarios é que o alumnado coñeza a organización e o funcionamento da mesma, e isto implica que sexa quen de realizar unha busca de información, con isto falamos de documentos escritos, tamén nos ordenadores, tabletas, blogs....

- Renovar a Guía de Usuarios para a comunidade educativa.
- Uso das novas tecnoloxías como medio de busca de información
- Formación dos colaboradores de sexto curso ao inicio de curso.
- Visita guiada á biblioteca polos diferentes recunchos.



- Formación ao alumando para buscar información dentro da biblioteca, tendo especial interese no alumnado de 1º
- Saber buscar e coñecer os códigos da CDU, tanto polo profesorado como o alumnado
- Empregar os recursos informáticos dos que dispón a biblioteca
- Préstamos de TIC's da biblioteca ás aulas para traballar o currículo (tabletas, mesa de luz...)
- Aproveitar as posibilidades que ofrece internet como fonte de información
- Buscar información en atlas, dicionarios, internet para realizar as actividades curriculares.

5.1.- Actividades de familiarización e presentación do espazo e fondo documental.

- Formación para o novo profesorado nas labores de empréstimos-devolucións co programa MEIGA. O profesorado será o encargado da formación das familias. Iniciada esta formación no curso pasado con bos resultados continuouse este con similares resultados.
- Formación do equipo do alumnado encargado da biblioteca: levarán a cabo actividades de organización, xestión de empréstimos-devolucións, exposicións temáticas, decoración de todos os espazos da biblioteca e dinamización de lecturas compartidas.
- Formación do equipo da biblioteca: altas e baixas dos novos usuarios da biblioteca, elaboración e restauración de carnés e marcapáxinas e catalogación de fondos.

5.2.- Actividades cara a unha Biblioteca Inclusiva

- Dotación de libros pola igualdade.
- Dotación de libros con pictogramas.
- Fomentar o recuncho de xogos
- Potenciar a conmemoración polo día LGBTI na escola
- Das máis visibilización a conmemoracións (TEA, Xordos...)

5.3.- Actividades TIC e Radio Escolar

- Planificar actividades en coordinación cos equipos de ENDL, TIC.
- Potenciar o uso da radio na biblioteca a través de actividades trimestrais.

6.- EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

Potenciaremos a programación de dous tipos de actividades, sendo o fío condutor de todas Lectorio, a mascota da biblioteca, as cales figurarán no Proxecto Lector do centro:

- Actividades permanentes que se levarán a cabo durante todo o curso escolar: hora de ler, bolsas que van e veñen, mochilas viaxeiras, lecturas compartidas, apadriñamentos lectores, , a túa opinión conta!, elaboración de libros cos traballos feitos polo alumnado, Proxecto Intercentros de Narón, contacontos das editoriais, concertos didácticos, obradoiros de tradición oral, calquera visita ou colaboración das familias ou persoas externas relacionadas co PDI ou outros proxectos..
- Actividades concretas ou puntuais: distintas conmemoracións, sucesos, celebracións especiais.

7.- OUTRAS ACTUACIÓNS

- Coordinación e colaboración coas titorías para acadar que o alumnado adquira técnicas de comprensión lectora e de estudo que o axuden no seu aproveitamento académico.
- Retomar o horario de empréstimo e devolución na hora do recreo así como o uso de TICs para a búsqueda de información.
- Elaboración dun novo PDI conxunto para o centro coa colaboración de material da biblioteca (libros, busca de información nos ordenadores, tabletas....)

8.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

Ao longo do curso levaranse a cabo distintas actividades complementarias nas que os/as alumnos/as participarán acompañados dos/as titores/as realizando traballos acordes coa súa idade e posibilidades. A biblioteca fará unha exposición bibliográfica de cada unha destas actividades para facilitar a búsqueda de información.

CELEBRACIÓN	DATA
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro de 2022
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	3 de decembro de 2022
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	10 de decembro de 2022

Día de Rosalía	24 de febreiro de 2023
Día Internacional da muller	08 de marzo de 2023
Día Mundial da Poesía	21 de marzo de 2023
Día Mundial da Saúde	7 de abril de 2023
Día Internacional contra o Acoso Escolar	2 maio de 2023
Día Mundial do Medio Ambiente	5 de xuño de 2023

9.- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADE PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Para a implicación das familias, dentro do Plan Anual de Lectura para o presente cursos, están plantexadas as seguintes actividades:

- Bolsas que van e veñen para Educación Infantil.
- Mochilas viaxeiras para Educación Primaria.
- Animar ás familias a facer o carnet da biblioteca, así polas tardes poden vir a coller libros na biblioteca e ler na mesma ou levar para a casa.

10.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

O proceso de avaliación será continuo e realizarase durante todo o curso finalizando na elaboración da Memoria Final. Analizaremos os resultados das actuacións para comprobar se se desenvolveron as iniciativas propostas e a consecución dos obxectivos, así como os factores que favoreceron ou dificultaron o seu cumprimento.

- Indicadores de avaliación
 - Grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
 - Actuacións desenvolvidas para a consecución dos obxectivos.
 - Conveniencia ou non de repetir as actividades noutro momento ou curso escolar.
 - Grao de participación e colaboración por parte do equipo de alumnado.
 - Implicación da Comunidade Educativa.
 - Dificultades atopadas.
- Instrumentos de avaliación
 - Caixón de suxestións

- Enquisas avaliativas das bolsas que van e veñen e mochilas viaxeiras.
- Documentos avaliativos do proxecto MEIGA onde se rexistran os empréstitos e libros máis lidos.
- Informe do Equipo Directivo, Claustro e Consello Escolar.

11.- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A responsable da biblioteca será Paula López Fraga, mestra especialista de Educación infantil, que conta con 4 sesións semanais dedicadas á biblioteca.

A persoa responsable será a encargada de coordinar e planificar o traballo do equipo de apoio á Biblioteca Escolar así como coordinarse cos equipos de ENDL, TICs e Directivo do centro.

O equipo de apoio e o seguinte:

Educación Infantil	Paula López Fraga Concepción Rodríguez Rodríguez Montserrat Novo Rouco M ^a Jesús López Maiztegui
Primeiro ciclo EP	Ana Fraga Martínez Rocío Freire Cuiñas
Segundo ciclo EP	Carolina Vázquez Salgado
Terceiro ciclo EP	Lucía Mejuto Bermejo
Coordinadora: Paula López Fraga	